

CONSELLO DE GALIZA

ACTA DE CONSTITUCION

Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde Rey, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, son os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sud-América, e, por espontánea decisión de todos eles, acordan xuntarse nun soio corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, antramentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda expresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936. Pero no Estatuto hai que distinguir dúas cousas: o documento en si, forzosamente limitado as esixencias da Constitución, e o desexo de goberno propio e vida libre que o acto plebiscitario supón. De ambas cousas - letra i espírito do Estatuto - son gardadores os deputados galegos, como fideicomisarios da vontade legalizada do seu povo. Agora ben; a latencia autonomista de Galiza manifestouse sempre a favor do sistema federal, tanto nos acordos populares do ano 1873 como nos varios anteproieitos de Estatuto galego, acordados n no período preconstituente da segunda República. Abonda citar o da Federación Republicana Galega que di así: "Artículo 1º. Galicia es un Estado autónomo dentro de la República Federal Española". Este é o pensamento libremente expresado pol-o republicanismo galego, que foi mandato para os seus deputados nas Cortes Constituintes do 31. E dahi trascenden os principios directivos que se deben proclamar e defender, en nome de Galizia, ante as diversas intencións constituintes da futura Hespaña.

Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o povo que representan; pero considéranse autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto e posibel, descartando de antemán, o separatismo, e abogando por unha unión paccionada de todol-os povos diferentes de Hespaña, ou millor da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano, con garantías de liberdade para os homes e os povos. Tendo en conta que a vontade dos eleitores galegos representa unha ínfima minoría da totalidade da poboación española, a vontade do povo galego sería indefectiblemente vencida pol-o peso numérico dos votos non galegos, resulta natural que os representantes de Galiza busquen o equilibrio democrático de Hespaña a base dunha nova estrutura do Estado hespañol, na que os povos sexan os verdadeiros suxeitos do dereito político. Para este fin, a unidades de dirección política de Galizia no esilio, emprenderá unha campaña, xunto co Goberno de Euzkadi e o Consello Nacional de Cataluña, para pesar, por convencimento, na conciencia liberal e democrática dos demais hespañoes.

En virtude das declaracións anteditas, acordouse constituir unha entidade denominada CONSELLO DE GALIZA, para gardar, manter e defender a vontade do povo galego, así como para buscar as asistencias e axudas que se precisen. O Consello empezará a funcionar como un Fideicomisariato, baixo a responsabilidade dos catro persoeiros que suscriben este documento, asistidos por un estenso núcleo de emigrados galegos, neste lugar de América que pode considerarse como a metrópoli ideal dunha Galiza libre.

O Consello conta ao nacer con varias Delegacións en América e con órganos técnicos e auxiliares que aseguran a súa eficacia. E como primeira medida acordou, por unanimidade dos Conselleiros e unánime consenso dos grupos organizados, conferir a Presidencia do Consello de Galiza a Alfonso Rodríguez Castelao, quen fica autorizado dende este intre para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia personalidade e triple forza, nunha concordia xeral hespañola, capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en Hespaña.

O Consello de Galiza non nasce pechado e circunscrito aos catro deputados que residen en Sud-América, porque éstos non descoñecen a existencia de outros compañeiros de Diputación, esiliados en diversos puntos do mundo, quenes poden integrar o Consello de Galiza, si queren manter e defender as aspiracións do seu povo, do que recibiron un mandato persoal. O fin e o xénero do Consello de Galiza, implica un respecto absoluto para calisquera ideoloxía de tipo democrático; pero tendo en conta que o povo elixeu a persoas e non a partidos, é xusto que nos Conselleiros prime a condición de galegos sobor da disciplina de partidos non galegos a que poidan estar afiliados, porque de non ser así negaríase a vontade de goberno propio, hipotecando as súas decisións a directrices estranas. Así, pois, os Conselleiros de Galiza serán simples mandatarios do povo que os elixeu e non dos partidos. Firmase esta acta en Montevideo, no día quince de novembro de mil novecentos e catro. - Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde Rey, Ramón Suárez Picallo, Antón Alonso Ríos. - Rubricados